A METADE DO CAMIÑO
cara un novo país

RUTA
Novembro de 2018
Nº1
Edición:
para a xente
Prezo: un sorriso

PODEMOS.

Acordo orzamentario para mellorar a vida da xente

Unidos Podemos arrinca un importante paquete de medidas sociais ao Goberno do PSOE

Pablo Iglesias e Pedro Sánchez pechan o acordo para os orzamentos de 2019. Foto: Dani Gago

Unha das consecuencias da moción de censura foi a posibilidade de ensaiar unha colaboración gubernamental á «portuguesa» entre a vella socialdemocracia e quen defende, sen medias tintas, acabar cos privilexios fiscais das grandes corporacións e das grandes fortunas para blindar os dereitos sociais e as condicións materiais de vida da inmensa maioría.

O acordo entre Pedro Sánchez e Pablo Iglesias sorprendeu a moitos analistas polo seu calado, aínda que Unidos Podemos presentou unha folla de ruta máis ambiciosa e ambas partes tiveron que ceder para alcanzar un punto medio.

«Cando Pablo Iglesias sexa presidente do Goberno, poderemos despregar de verdade as nosas propostas. Estamos satisfeitos co acordo porque vai a mellorar a vida de millóns de persoas, pero o vemos coma un paso intermedio. Dalgún modo, estamos na metade do camiño que leva cara ese novo país máis xusto que queremos construír», afirman desde Unidos Podemos.

Do 15M ao 8M, en taxi, surfeando as mareas de pensionistas

Mobilizacións históricas para reclamar xustiza e dereitos

Nos últimos meses, a xente mobilizada nas rúas de España, que loita polos dereitos de todos e todas, deu unha lección ao país ao navegar —co seu corpo e a súa voz— o cinismo e a resignación que venden os partidos do «non se pode», os seus aliados mediaticos e os seus xefes do IBEX 35: as históricas mobilizacións feministas do 8M e contra a sentenza machista da Manada, os taxis en folga para defender un servizo público fronte aos voitres con sede en paraísos fiscais, os e as pensionistas manifestándose unha e outra vez na porta do Congreso e enchendo cada semana as rúas de Bilbao..., pero tamén as kellys, as espartanas de Coca-Cola en Loita, os traballadores e traballadoras das Vestas, da Naval, dos estibadores, e tantos e tantos colectivos que pelexan polo que é xusto.

«Sen a forza de toda esa xente que nunca perdeu a esperanza, nosoutros e nosoutras non estaríamos no Congreso, nin teríamos podido botar ao PP nin arrincar o que arrincamos ao Goberno do PSOE», explican desde Podemos. «É a eles e a elas a quen hai que darlles as grazas e pedirlles que sigan empurrando. Aínda estamos na metade do camiño e non volverán a dicir que non se pode».

O salario mínimo, de 735 a 900 euros: a maior subida da democracia

Unha medida que sorprendeu a todo o mundo



É posible que a medida máis sorprendente do acordo (e das de maior alcance) sexa a subida do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) que Unidos Podemos conseguiu arrincar ao PSOE tras longas horas de negociación nas que o Goberno de Pedro Sánchez defendía subidas moito menores.

Finalmente, púidose conseguir unha subida histórica do 22% que non só melloraría a vida de millóns de traballadores e traballadoras precarizados (na súa maioría, mulleres), senón que tamén reactivará o consumo (e, con el, a economía) e permitirá recadar miles de millóns de euros extra para a loita das pensións que o PP deixou tremendo. Ademais, permitirá explicar a persoas como Susana Díaz a que se opuxo a militancia de Podemos cando votou «non» ao acordo Rivera-Sánchez, pois naquel documento de acordo —redactado por economistas neoliberais— a proposta de subida do SMI era dun miserable 1 % (é dicir, de sete insultantes euros ao mes).

O partido Popular á oposición e M. Rajoy a Santa Pola

Ao final si daban os números

M. Rajoy abandona o hemiciclo tras triunfar a moción de censura. Foto: Dani Gago

En xuño de 2017, Unidos Podemos defendeu a moción de censura da dignidade contra un tal M. Rajoy e un Partido Popular empapados de corrupción. A pesar das decenas de casos de saqueo e parasitación do público, a moción non saíu adiante e durante un ano enteiro sen parar que «non había números para botar ao PP da Moncloa».

Porén, a exitosa moción de censura do pasado mes de xuño, que converteu en presidente do Goberno a Pedro Sánchez, demostrou que Podemos tiña razón e si se podía.

Ante unha bancada socialista que parecía non crelo, os deputados e deputadas de Unidos Podemos celebraron a moción coreando o «si se pode». Púñase fin a sete anos de escuridade e recortes, e inaugurábase a etapa de maior influencia da formación que naceu nas prazas desde que pateara o taboleiro político nas eleccións europeas de 2014.